



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

CONVOCATORIA DAS ELECCIÓNS Á DIRECCIÓN DA ESCOLA UNIVERSITARIA DE ARQUITECTURA TÉCNICA

Ao abeiro do que establecen os Estatutos da Universidade da Coruña e o Regulamento electoral xeral (REX), como director en funcións da Escola Universitaria de Arquitectura Técnica, resolvo convocar eleccións á dirección desta escola segundo as bases que se achegan con este escrito.

A Coruña, 19 de setembro de 2022

O director en funcións

Pedro Fernando Nogueira López

Código Seguro De Verificación	WflfIDvKRpA/ilAqLZaX4A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a Escola Universitaria de Arquitectura Técnica - Pedro Fernando Nogueira López	Asinado	19/09/2022 10:32:11
Observacións		Páxina	1/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/WflfIDvKRpA/ilAqLZaX4A==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





BASES DA ELECCIÓN DE DIRECTOR/A DA ESCOLA UNIVERSITARIA DE ARQUITECTURA TÉCNICA

A) PROCEDEMENTO

I) COLEXIOS ELECTORAIS

A Xunta de Centro da Escola Universitaria de Arquitectura Técnica constituirá o colexio electoral para as eleccións a director/a da Escola.

II) ELIXIBLES

Son elixibles os membros da xunta de centro que, sendo profesores ou profesoras con vinculación permanente á Universidade e estando adscritos ao centro, foren proclamados candidatos de forma definitiva.

III) ELECTORES

Nas eleccións de director/a de centro son electores todos os membros da xunta de centro que figuren no correspondente censo electoral.

IV) PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN E PROCLAMACIÓN DE CANDIDATURAS

As candidaturas irán dirixidas ao presidente da Comisión Electoral Central e presentaranse dentro do prazo establecido no calendario electoral (do 21.09.2022 ao 26.09.2022, até as 14:00 h) no rexistro do centro. Este enviará por correo electrónico as candidaturas que lle presenten ao enderezo comision.electoral@udc.gal.

O escrito, asinado polo candidato ou candidata, conterá os seguintes datos:

- Nome e apelidos
- Número do documento oficial de identificación
- Centro e departamento a que está adscrito

A proclamación provisoria e definitiva de candidatos e candidatas será realizada pola Comisión Electoral Central de conformidade co disposto no artigo 16 do Regulamento electoral xeral.

Se o número de candidaturas definitivas proclamadas fose só unha, a persoa candidata definitiva será proclamada electa sen necesidade de proceder á votación segundo o artigo 16.4 do REX.

V) MODO DE SE REALIZAR A SESIÓN PARA A ELECCIÓN

O director/a da escola en funcións deberá convocar os membros do órgano colexiado para realizar unha reunión extraordinaria para a elección de director/a na data sinalada no calendario electoral (13.10.2022).

Código Seguro De Verificación	WflfIDvKRpA/ilAqLZaX4A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a Escola Universitaria de Arquitectura Técnica - Pedro Fernando Nogueira López	Asinado	19/09/2022 10:32:11
Observacións		Páxina	2/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/WflfIDvKRpA/ilAqLZaX4A==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





Esta sesión extraordinaria da xunta de centro será presidida polo/a director/a en funcións, salvo que se presentar como candidato/a, en cuxo caso será substituído/a polo membro de máis idade presente na xunta. O/a presidente/a concederá un espazo de 15 minutos a cada candidato/a para estes exporen ante a xunta o seu programa e, a continuación, outros 15 minutos para responderen as preguntas que lles formularen os membros da xunta. Finalizadas as intervencións, procederase á votación, que será nominal e secreta.

Nesta sesión actuará como secretaria a persoa que o for do centro, salvo que se presentar como candidata, en cuxo caso será substituída polo membro presente que designar o/a presidente/a.

As papeletas, que serán elaboradas polo centro, conterán a relación de candidaturas proclamadas definitivamente, colocadas por orde alfabética, e un recadro ao lado para marcar o voto a favor da candidatura e respectando o establecido no artigo 20 (modo de exercicio do dereito ao voto) do Regulamento electoral xeral.

VI) PROCLAMACIÓN

Será proclamada directora aquela persoa candidata que en primeira volta obtiver o voto da maioría absoluta dos membros da xunta segundo o artigo 41 do Regulamento electoral xeral.

No caso de non haber ningunha persoa candidata que obtiver a maioría absoluta, procederase a unha segunda votación na mesma sesión da xunta, en que resultará elixido/a o/a candidato/a que obtiver un maior número de votos.

O resultado da votación será comunicado á Comisión Electoral Central para os efectos da súa publicación.

Código Seguro De Verificación	WflfIDvKRpA/ilAqLZaX4A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a Escola Universitaria de Arquitectura Técnica - Pedro Fernando Nogueira López	Asinado	19/09/2022 10:32:11
Observacións		Páxina	3/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/WflfIDvKRpA/ilAqLZaX4A==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





B) CALENDARIO ELECTORAL PARA AS ELECCIÓNS DE DIRECTOR/A DA ESCOLA UNIVERSITARIA DE ARQUITECTURA TÉCNICA

1. Convocatoria de eleccións (publicación): 20 de setembro de 2022 (martes)
2. Prazo de presentación de candidaturas: do 21 de setembro (mércores) ao 26 de setembro de 2022 (luns), até as 14:00 horas
3. Proclamación provisoria de candidaturas: 27 de setembro de 2022 (martes)
4. Prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación da proclamación provisoria de candidaturas:
 - Prazos de presentación: do 28 de setembro (mércores) ao 29 de setembro de 2022 (xoves), até as 14:00 horas
 - Prazos de resolución: do 30 de setembro (venres) ao 3 de outubro de 2022 (luns)
5. Proclamación definitiva de candidaturas: 4 de outubro de 2022 (martes)
6. Campaña electoral: do 5 de outubro (mércores) ao 11 de outubro de 2022 (martes)
7. Data das eleccións en xunta extraordinaria de escola: **13 de outubro de 2022** (xoves)
8. Proclamación provisoria de candidatura electa: 14 de outubro de 2022 (venres)
9. Prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación da proclamación provisoria de candidatura electa:
 - Prazos de presentación: do 17 de outubro (luns) ao 18 de outubro de 2022 (martes), até as 14:00 horas
 - Prazos de resolución: do 19 de outubro (mércores) ao 21 de outubro de 2022 (venres)
10. Proclamación definitiva de candidaturas electas: 31 de outubro de 2022 (luns)

Código Seguro De Verificación	WflfIDvKRpA/ilAqLZaX4A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a Escola Universitaria de Arquitectura Técnica - Pedro Fernando Nogueira López	Asinado	19/09/2022 10:32:11
Observacións		Páxina	4/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/WflfIDvKRpA/ilAqLZaX4A==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



**C) CENSO DA XUNTA DA ESCOLA UNIVERSITARIA DE ARQUITECTURA TÉCNICA****Profesorado con vinculación permanente á Universidade (sector A)**

Caridad	Yáñez	Francisco José
Fernández	Álvarez	Ángel José
Fernández	Prado	Rubén
González	Sarceda	Manuel
Guillén	Solórzano	Eduardo
Iglesias	Maceiras	Álvaro José
Iglesias	Martínez	María Cruz
Lamas	López	Valentín
López	Rivadulla	Francisco Javier
Martínez	Carballo	Manuel
Nogueira	López	Pedro Fernando
Pérez	Doval	Luís
Pérez	Ordóñez	Juan Luís
Seara	Paz	Gumersinda
Tarrío	Tobar	Ana Dorotea

Restantes categorías do PDI (sector B)

Álvarez	Díaz	José Antonio
Benítez	García	Marta
García	Vidaurrázaga	María Dolores
Porta	Rodríguez	Manuel
Robles	Sánchez	Susana

Estudantado (sector C)

Busto	Martínez	Adrián
Carballido	González	Juan Herminio
Feijóo	Corderí	Miguel Francisco
Fernández	Astorgano	Carolina
Funes	García	Paloma
Martínez	Domínguez	Francisco Gabriel
Nieto	Marinas	Lucía
Pereira	Sabio	Lydia
Santalla	Santiso	Alicia

Persoal de administración e servizos (sector D)

Alonso	Fernández	María Del Carmen
Gómez	Diego	Natividad Estefanía
Martínez	Barjas	Francisco Javier

Código Seguro De Verificación	WflfIDvKRpA/ilAqLZaX4A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a Escola Universitaria de Arquitectura Técnica - Pedro Fernando Nogueira López	Asinado	19/09/2022 10:32:11
Observacións		Páxina	5/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/WflfIDvKRpA/ilAqLZaX4A==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

